

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN CULTURA ISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DA EDICIÓN 2023 DE ABANEA FESTIVAL DE DANZA E MOVEMENTO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Asociación Cultura ISMO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da segunda edición do Festival de Danza e Movemento Abanea que desenvolve a Asociación Cultura ISMO. O festival desenvolverase do 26 ao 30 de xullo de 2023 nas localidades de Foz, Outes, Gondomar e Allariz, cunha programación composta por 15 funcións de 10 compañías procedentes de Cataluña, País Vasco, Extremadura, Madrid, Galicia, Ecuador e Francia, á que se suman as actividades de mediación cos obradoiros "Compartir o corpo e o movemento", "Discoteca de señoras" e "Pista de baile" e co apoio á artista emerxente Suevia Rojo.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Cultura ISMO nace coa misión principal de achegar a danza e as artes do movemento á cidadanía e xerar sinerxías entre os profesionais do sector e co obxectivo último de converterse en referencia autonómica e nacional na xestión de proxectos de artes do movemento. Entre as actividades que, para o cumprimento dos seus fins, desenvolve a Asociación figura o Festival Abanea, un festival nova xeración nacido en 2022 avalado pola traxectoria individual do equipo organizativo. Abanea é un festival de danza e movemento itinerante que se estende ás catro provincias galegas, variando en cada edición as localizacións para cumprir con ese obxectivo fundacional da asociación de dar accesibilidade ás prácticas culturais relacionadas coa danza e as artes do movemento a toda a cidadanía, sobre todo aos públicos afastados dos centros culturais das capitais.

Este esforzo que está levando a cabo a asociación para levar a danza e as artes do movemento máis alá das zonas máis poboadas e para facilitar o desenvolvemento e a formación dos profesionais do sector coincide coa liña de difusión e promoción da danza que a Agadic pretende levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas.

A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positivas, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento da segunda edición



do Festival Abanea co propósito de promover a proxección, tanto interior coma exterior, dos nosos profesionais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

